En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 14367**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e dona Carmen Aira Díaz, sobre **"os datos referidos ás queixas, denuncias ou reclamacións recibidas pola Xunta de Galicia en relación coa residencia DomusVi de Monforte, así como sobre a xestión levada a cabo e prevista ao respecto"**, (publicada no BOPG número 131 do 29 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

"O grupo DomusVi, de igual maneira que os demais centros de servizos sociais da comunidade, está sometido á labor de inspección do Sistema Galego de Servizos Sociais.

O servizo de inspección ten por función verificar o cumprimento da normativa aplicable aos servizos sociais, de maneira que se garantan os dereitos das persoas usuarias e se procure a mellora continua da calidade nos servizos sociais que se presten á cidadanía no territorio galego, con independencia do carácter público ou privado dos centros. Asemade, investiga todas e cada unha das queixas e denuncias que se reciben e que afectan aos distintos centros de servizos sociais de Galicia. Deste xeito, o Goberno galego actúa sempre que se detecta ou se ten coñecemento de posibles deficiencias no funcionamento dun centro de servizos sociais.

O ano pasado, o Plan de Inspección viuse fortemente condicionado pola pandemia da covid-19, especialmente nas residencias de maiores, onde a comprobación do cumprimento da normativa se fixo máis necesario ca nunca.

A través do Plan de Inspección realizáronse máis de 360 inspeccións en residencias de maiores e discapacidade; os técnicos de inspección iniciaron 65 procedementos sancionadores en residencias de maiores, todos eles por deficiencias con respecto á normativa de servizos sociais; ademais, comezouse a desenvolver en todas as residencias de Galicia un programa intensivo de auditorías sobre o cumprimento dos protocolos e o establecemento de medidas para plantar cara ao virus complementario ás inspeccións conxuntas, sociais e sanitarias que se fan de xeito ordinario.

CSV: BOPGDSPGBjgFe6NcX3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 28/05/2021 15:02:15

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación á residencia DomusVi de Monforte informar que no ano 2019 presentáronse dúas denuncias a través de dous familiares de usuarios. No ano 2020 recibíronse 3 denuncias formuladas por tres familiares de usuarios. No ano 2021 presentáronse 3 reclamacións por tres familiares dos usuarios.

En relación ás inspección realizadas á residencia DomusVi de Monforte nos últimos cinco anos, informar que se levaron a cabo 13 inspeccións a esta residencia. Estas inspeccións realizáronse de oficio, no cumprimento do Plan Anual de Inspección, e tamén para esclarecer as queixas e denuncias formuladas. Iniciouse un expediente sancionador por presuntos incumprimentos en materia de servizos sociais que na actualidade está en trámite.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGBjgFe6NcX3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 16677
Data envio: 28/05/2021 15:02:18.767

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/05/2021 15:02:15**

CSV: BOPGDSPGBjgFe6NcX3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 14449**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración que fai a Xunta de Galicia da situación en que se atopa a Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas, así como as actuacións previstas para paliar as carencias que padece"**, (publicada no BOPG número 131 do 29 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

**"**A Xunta de Galicia valora positivamente o labor desenvolvido dende a Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas, que dá cumprimento dunha maneira eficaz e profesional á encomenda que ten asignada a Administración autonómica para a protección e apoio daquelas persoas coa súa capacidade de obrar modificada.

A FUNGA conta na actualidade cun plantel de 25 traballadoras e traballadores que proximamente se verá incrementado ata os 27 profesionais. Con estas dúas incorporacións, terase producido un incremento dun 50% no número de empregados con respecto ao ano 2009.

Neste ano 2021, presta atención a un total de 3.304 usuarios e usuarias, nomeadamente 2.000 tutelas, 465 curadorías, 47 administracións de bens e 488 defensas xudiciais, 47 pre-tutelas, constituíndo o resto de cargos tutelares baixas e usuarios falecidos no ano en curso.

A organización do actual plantel de traballadoras e traballadores permite que non quede sen cubrir ningunha das responsabilidades que lle son propias á FUNGA, tanto o seguimento e atención social ás persoas ao seu cargo, como os labores administrativos que os cargos tutelares conlevan, ou a protección e asesoramento xurídico, complementado co labor en materia patrimonial desenvolvido desde este último departamento.

CSV: BOPGDSPGBjgFe6NcX3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

A FUNGA conta cos recursos materiais precisos para o cumprimento das súas funcións tutelares, destacando as actuais instalacións onde desenvolve o seu traballo, que foron postas en servizo no ano 2018 e contan con todo o equipamento necesario. Adicionalmente, vense realizando un importante esforzo en materia de dixitalización da documentación e implementación de aplicacións informáticas que favorecen unha maior axilización do traballo e evitan trámites burocráticos, así como unha mellora continua no equipamento informático posto á disposición das traballadoras e traballadores. No ano pasado produciuse a incorporación de dous novos profesionais ao plantel da Fundación, o que permite que actualmente poida contar con seis equipos de tutela organizados segundo distribución xeográfica. A incorporación destes profesionais permitiu tamén o reforzamento do departamento de xestión patrimonial, que xa conta con dúas persoas asignadas ás funcións que lle son propias.

A dotación orzamentaria da FUNGA ascende para este ano 2021 a 1.310.000 euros, cun incremento do 10,35% con respecto a 2020 e dun 29,01% con respecto a 2019, exemplificando o compromiso da Xunta de Galicia coa mellora das condicións de traballo na Fundación e garantindo que a asignación económica á FUNGA irá sempre acompasada coas súas necesidades, o que permite dar cumprida atención ás necesidades das persoas baixo a súa protección.

Todas as persoas baixo tutela ou curadoría da FUNGA teñen acceso á carteira pública de servizos sociais en igualdade de condicións que calquera outro cidadán, polo que son candidatas a residiren nos mesmos sempre que así se estableza trala oportuna valoración das súas circunstancias. Para todas as persoas ás que se lles presta apoio por parte da Fundación, que precisen dunha praza residencial e que non cumpran os criterios legalmente establecidos para a concesión dunha praza pública, a FUNGA procura os recursos residenciais máis adaptados ás súas necesidades, sen preferencia por ningún tipo de empresa ou entidade, dando así cumprimento ás obrigas que asume a Fundación coa aceptación dos diferentes cargos tutelares, entres as que destacan a prestación de alimentos, entendida como a cobertura das necesitades básicas de sustento, habitación, vestido e asistencia médica, consonte ao artigo 142 do Código Civil.

CSV: BOPGDSPGBjgFe6NcX3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

A Xunta de Galicia seguirá a dotar e ampliar os recursos cos que conta a Fundación de maneira acompasada ás necesidades que teña a FUNGA, tanto no tocante a recursos económicos como humanos e materiais**.”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGBjgFe6NcX3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 16676
Data envio: 28/05/2021 15:02:10.751

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/05/2021 15:02:07

CSV: BOPGDSPGBjgFe6NcX3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 14518**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **"a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento dos requisitos exixidos na normativa establecida para os casos de persoas con demencia usuarias de centros de a tención residencial, así como da suficiencia do persoal de inspección da Consellería de Política Social"**, (publicada no BOPG número 131 do 29 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

**"**Con carácter xeral, a normativa que regula os requisitos de persoal é a recollida na Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores.

Esta Orde, recolle como requisitos de persoal para residencias de maiores, unha rateo mínima de persoal de atención directa, entendendo por tal a realizada tanto por persoal xerocultor como sanitario, de 0,20 por persoas usuarias en módulos destinados á atención de persoas con autonomía e de 0,35 en módulos destinados a persoas dependentes.

Na regulación non existe ningunha especificación para o caso de persoas dependentes con demencias. A única singularidade respecto das persoas afectadas de demencia na norma é a que fai referencia aos requisitos das habitacións nos centros residenciais, para as que se indica que deberan ter unha capacidade máxima de dúas prazas e estar localizadas nunha zona específica reservada para elas, debendo existir un mínimo dunha habitación individual por cada doce prazas.

A Consellería de Política Social, xa antes da crise sanitaria da COVID-19, estaba a traballar na mellora destes criterios de calidade pensando nas persoas con deterioro cognitivo. Así na Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas introduciuse, a través do artigo 31 da mesma, modificouse o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo. O obxecto desta modificación foi incorporar os servizos de supervisión e apoios puntuais, cohousing e unidades psicoxeriátricas.

CSV: BOPGDSPGBjgFe6NcX3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 16675
Data envío: 28/05/2021 15:02:03.189

Estas unidades psicoxeriatricas concibíronse como zonas específicas para aloxar, coidar e traballar con residentes que padezan deterioracións ou trastornos cognitivos severos, facilitando así a súa correcta atención e mellorando a calidade asistencial. E estaban pensadas, na etapa pre-Covid, como unha novidade que se ía testar coas sete residencias do Plan como na casa. Non obstante quedou afectado, como todos os servizos e actividades da nosa sociedade, pola COVID-19. Polo que as unidades psicoxeriatricas forman parte do conxunto de servizos e prestacións que se están a analizar e replantexar dentro do novo modelo de atención residencial no que están a traballar a Dirección Xeral de Atención Integral Sociosanitaria e o Comité Asesor Sociosaniario.

No ámbito da atención diúrna existe unha regulación propia para persoas con alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas. Os centros de atención diúrna, con carácter xeral e segundo recolle a Orde do 18 de abril de 1996, deben cumprir unha rateo de persoal de atención directa en réxime continuado de 1 por cada 10 persoas usuarias, con un mínimo de dúas persoas traballadoras, garantíndose, sempre que sexa preciso, a asistencia de médico, axudante técnico sanitario ou diplomado universitario en enfermería, fisioterapeuta e psicólogo.

No que atinxe ás persoas con alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas dentro da Rede Galega de Centros de Día de Atención Social segue en vigor os requisitos recollidos no Decreto 19/2008, do 7 de febreiro, polo que se crea a esta Rede.

Os requisitos que a normativa esixe para atención residencial a persoas maiores, e en particular para aquelas con demencia ou deterioro cognitivo, son obxecto de control por parte da Inspección de Servizos Sociais. Na obtención do permiso de inicio de actividades verificase o cumprimento tanto das condicións materiais e arquitectónicas como os requisitos de persoal. Esta supervisión mantense no tempo coas inspeccións ordinarias e extraordinarias nas que se comproban as instalacións, o respecto aos dereitos das persoas usuarias e os recursos humanos do servizo. No caso de observarse algún incumprimento susceptible de ser cualificado como unha infracción das tipificadas no título IX da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, procédese a apertura do procedemento sancionador.

Respecto das situacións de demencia e deterioro cognitivo dentro do contexto de atención residencial, compre dicir que as persoas usuarias caracterízanse cada vez máis por un alto grado de dependencia. As persoas maiores mostran unha preferencia por permanecer no seu entorno habitual de convivencia e só demandan os servizos residenciais cando elas, ou os seus familiares,

CSV: BOPGDSPGBjgFe6NcX3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 16675
Data envio: 28/05/2021 15:02:03.189

son conscientes da imposibilidade de recibir uns coidados axeitados no seu propio fogar. Estas reflexións non saen da análise dun estudo estatístico senón que son o resultado da valoración, caso por caso, dentro do sistema de atención á dependencia.

O plan de atención individualizada que se fai de cada residente, revísase como mínimo anualmente. Esta revisión é obrigatoria ante calquera variación significativa da súa situación.

No que respecta á suficiencia de persoal de Inspección, na análise de necesidades e recursos da Inspección de servizos sociais atopámonos cunha esixencia ilimitada. Por máis control que se exerza sobre os servizos sociais sempre será desexable unha maior frecuencia e profundidade na labor inspectora. A día de hoxe o número de inspectores dedicados a área de persoas maiores e persoas con discapacidade é case o dobre que no ano 2008.

Tamén se está a organizar o curso superior de capacitación para o desempeño da función de inspección de servizos sociais, en colaboración coa EGAP. Este curso ten por finalidade capacitar o persoal que opta a postos de inspección de servizos sociais ou que presta apoio á inspección de servizos sociais nos coñecementos específicos dos diferentes ámbitos de actuación e nas habilidades necesarias para o correcto desenvolvemento destas funcións.

En definitiva, estanse facendo esforzos en todos os ámbitos para incrementar os medios dispoñibles e incrementar cada vez máis a vixilancia da prestación dos servizos sociais residenciais**.”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGBjgFe6NcX3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 16675
Data envio: 28/05/2021 15:02:03.189

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/05/2021 15:01:58**

CSV: BOPGDSPGBjgFe6NcX3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2021 11:52:06
Nº Rexistro: 16756
Data envío: 01/06/2021 11:52:06.849

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 14625**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e don Manuel Lourenzo Sobral, sobre **"a xestión do Goberno galego en relación coa contaminación por mercurio detectada na contorna do complexo industrial de Ence e Elnosa en Lourizán, na provincia de Pontevedra"**, (publicada no BOPG número 131 do 29 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente,Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

**"**Desde a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda estase a levar un control e supervisión exhaustiva do proceso de desmantelamento de Elnosa e do solo e augas subterráneas de Ence. Con todo, cómpre destacar que os mecanismos legais existentes de avaliación do impacto ambiental garanten, en todo caso, a compatibilidade dun proxecto coa protección do medio e a saúde das persoas**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGBjgFe6NcX3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 01/06/2021 11:52:02

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2021 11:52:06
Nº Rexistro: 16756
Data envio: 01/06/2021 11:52:06.849

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/06/2021 11:52:02**

CSV: BOPGDSPGBjgFe6NcX3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/06/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 16830
Data envio: 02/06/2021 14:12:17.726

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 14756**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración que fai o Goberno galego da situación en que se atopan os servizos sociais comunitarios, así como das súas intencións respecto do seu reforzo e reorganización"**, (publicada no BOPG número 135 do 6 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

**"**Segundo os datos referentes aos Proxectos anuais de Servizos Sociais Comunitarios (PASSCM) presentados polos concellos de Galicia ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento aos efectos do establecido no Plan Concertado para o ano 2020, o persoal que figura nos ditos proxectos e presentados no ano 2020 ascende a un total de 1.670 traballadores.

O perfil dos traballadores adscritos aos servizos sociais comunitarios dos concellos é moi variado: traballadores sociais, educadores sociais, psicólogos, pedagogos, auxiliares administrativos.

En relación coa achega económica que achega a Xunta de Galicia para o seu financiamento, é preciso indicar que ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, o financiamento ascende a preto de 11 millóns de euros**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGBjgFe6NcX3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 02/06/2021 14:12:08

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/06/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 16830
Data envio: 02/06/2021 14:12:17.726

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/06/2021 14:12:08

CSV: BOPGDSPGBjgFe6NcX3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/06/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 16829
Data envío: 02/06/2021 14:11:59.210
Data 02/06/2021 14:11

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 14765**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da regulación da Tarxeta Básica co obxectivo de que permaneza no tempo máis alá da conxuntura xerada pola pandemia da covid-19"**, (publicada no BOPG número 135 do 6 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

**"**A Tarxeta Básica é un programa pioneiro e extraordinario posto en marcha pola Xunta de Galicia en xuño de 2020 para dar resposta ás necesidades básicas dos galegos en situación de vulnerabilidade ocasionada pola COVID-19. Esta axuda, da que xa se teñen entregadas máis de 32.000, artéllase a través de tarxetas-moedeiro que se poden empregar para a adquisición de produtos de alimentación, hixiene e farmacia.

O Goberno galego financia a Tarxeta Básica cun investimento que ascende polo de agora a 26 millóns de euros, un esforzo económico sen precedentes para afrontar unha situación excepcional que afecta especialmente ás persoas en situación de maior vulnerabilidade.

O programa púxose en marcha inicialmente por un período de 6 meses, ata decembro de 2020. Posteriormente prorrogouse por seis meses, e a previsión é que nas vindeiras semanas se dea continuidade ao programa ata finais deste ano cunha nova prórroga.

Mais alá desta axuda en concreto, a Xunta comezará no vindeiro trimestre a tramitación da reforma da Lei de inclusión social, no marco da cal implementaranse melloras dirixidas a

CSV: BOPGDSPGBjgFe6NcX3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 02/06/2021 14:11:55

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

incrementar a cobertura e efectividade das prestacións económicas que regula (RISGA e Axudas de Inclusión Social), dotándoas así mesmo de maior axilidade e eliminando burocracia, o que traerá consigo unha redución importante dos tempos de tramitación das axudas**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGBjgFe6NcX3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/06/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 16829
Data envio: 02/06/2021 14:11:59.210

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/06/2021 14:11:55**

CSV: BOPGDSPGBjgFe6NcX3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/06/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 16828
Data envio: 02/06/2021 14:11:46.554
Data 02/06/2021 14:11

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 15561**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o custo da concertación de prazas en residencias de maiores e outros Servizos sociais"**, (publicada no BOPG número 135 do 6 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

**"**Dar resposta ás necesidades de atención especializada ás persoas en situación de dependencia deriva das previsións contidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, na medida en que esta contempla, dentro do catálogo de servizos de atención á dependencia no seu artigo 15, os servizos de atención residencial para as persoas en situación de dependencia.

A Lei 39/2006, de 14 de decembro, determina igualmente que os servizos do referido catálogo teñen carácter prioritario, prestándose a través da oferta pública da rede de servizos sociais polas respectivas comunidades autónomas mediante centros e servizos públicos ou centros privados concertados.

Dar cobertura ás necesidades de atención especializada tamén afecta a persoas maiores que non acadan o recoñecemento de persoas dependentes ou o grao de dependencia suficiente para acceder aos servizos propios do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, o que tamén motiva a necesidade de promover a dotación de prazas de atención residencial para este colectivo.

Así, aos efectos de dar resposta ás necesidades de atención residencial para persoas maiores, a Xunta de Galicia destina un orzamento aproximado de 49 millóns de euros anuais á concertación de prazas de atención residencial para persoas maiores.

Esta contía increméntase anualmente como consecuencia da variación do IPC, da contratación de novas prazas, da revisión de prezos das prazas existentes e/ou das novas contratacións para o mantemento das prazas existentes con prezos superiores ao iniciais.

CSV: BOPGDSPGBjgFe6NcX3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
02/06/2021 14:11:36

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/06/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 16828
Data envio: 02/06/2021 14:11:46.554

No ano 2009 o número de prazas concertadas foi de 2.464. No ano 2017 foi de 3.426 e no 2021 foi de 3.450.

O prezo/día dunha praza de atención residencial concertada para persoas dependentes é de 52,42 euros, IVE incluído, e de 45,00 euros IVE incluído, no caso de prazas de persoas con autonomía.

Na actualidade están en fase de construción sete novos equipamentos residenciais públicos nas cidades de A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Pontevedra, Vigo, Lugo e Ourense que suporán un total de 900 novas prazas públicas de atención residencial para persoas maiores: 150 prazas en cada un dos centros de A Coruña e Vigo e 120 prazas nos centros de Ferrol, Santiago de Compostela, Pontevedra, Lugo e Ourense respectivamente.

Estes novos equipamentos supoñen un impulso á ampliación da rede pública residencial para persoas maiores en situación de dependencia, reforzando a atención das persoas maiores dando máis cobertura a un maior número de persoas.

Estas novas prazas públicas suporán un avance significativo na ratio de cobertura das necesidades de atención residencial das persoas maiores, coa conseguinte diminución das persoas que se atopan no Programa de Asignación de Recursos á espera dun servizo de atención residencial.

Sen prexuízo das prazas públicas residenciais concertadas, a Xunta de Galicia ten actualmente concedidos máis de 5.000 bonos autonomía de atención residencial. Estas prestacións económicas están orientadas a axudar no pagamento dunha praza nunha residencia privada que elixa a persoa beneficiaria, e tamén facilita o acceso a un recurso residencial para aquelas persoas con dependencia que se atopan á espera dunha praza pública**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGBjgFe6NcX3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/06/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 16828
Data envio: 02/06/2021 14:11:46.554

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/06/2021 14:11:36

CSV: BOPGDSPGBjgFe6NcX3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA


## 1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

### 1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
1.1.1. NORMAS APROBADAS
1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### 1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
1.2.1. INVESTIDURA
1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA
1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### 1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
1.3.5. MOCIÓNS
1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI
1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS
1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### 1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA
1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
1.4.3. INTERPELACIÓNS
1.4.4. PREGUNTAS
1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS
1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS
1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### 1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
### 1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO
### 1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

## 2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

### 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO
### 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS
### 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
### 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

## 3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

### 4.1. INFORMACIÓNS

## 4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS


CSV: BOPGDSPGBjgFe6NcX3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGBjgFe6NcX3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/